

1.- Realiza un esquema e comenta brevemente os tratamentos e procesos que se aplican na liña de auga dunha planta de depuración de augas residuais. Libro de texto páx. 326-328

Tratamentos	Procesos
Pretratamento: separación de sólidos en suspensión ou flotantes de gran tamaño e densidade (trapos, follas, plásticos, areas,) que chegan ao colector de entrada da EDAR.	Desbaste, retención ou cribado Desarenado Desengraxado
Tratamento primario: separación de sólidos en suspensión e material flotante que non foron retidos durante o pretratamento.	Decantación/sedimentación Coagulación/Floculación Flotación Neutralización
Tratamento secundario: conxunto de procesos biolóxicos complementados cun sistema de decantación secundario cuxa finalidade é eliminar a materia orgánica presente na auga residual.	Lamas activas Filtros bacterianos
Tratamento terciario: ten como finalidade extraer materia orgánica suplementaria non eliminada anteriormente ou para reducir nutrientes como N, P e os seus compostos: sales inorgánicos disoltos que non se reteñen polos procesos de filtración, decantación ou biolóxicos dos tratamentos anteriores. Posibilita a reutilización da auga residual.	Ósmose inversa Adsorción Electrodialise (estes procesos resultan moi caros e aplícanse en moi poucas EDAR).
Desinfección: tratamento final destinado a evitar problemas de saúde, eliminando a existencia de microorganismos patóxenos na auga.	Cloración Ozonización

Cuestión repetida nas PAAU 2008

2.- Compara as vantaxes e inconvenientes dos vertedoiros e as incineradoras como métodos de eliminación de residuos sólidos urbanos. Libro de texto páx. 386 e 387

	Vantaxes	Inconvenientes
Vertedoiro	Instalación Custos reducidos ...	Necesidade de grandes superficies de terreo afastadas de núcleos urbanos. Produción de lixiviados. Impacto visual Cheiros
Incineradoras	Redución do peso e do volume dos RSU en pouco tempo. Valorización	Emisión de gases (dioxinas e furanos) Tratamento, xestión e disposición final dos materiais incombustibles

3.- Razona dúas vantaxes e dous inconvenientes dos vertedoiros e incineradoras como métodos de eliminación de residuos sólidos.